


A ilustración

2º BACH

A ilustración (s.XVII: o *século das luzes*)




EL CONTRATO SOCIAL



J. J. ROUSSEAU

Ilustrado por Pep Montserrat
ALMA/PENSAMIENTO ILUSTRADO



Hume

Investigación sobre el conocimiento humano

Precedida de la autobiografía titulada «mi vida»

Edición de Antonio Sánchez



CLÁSICOS DEL PENSAMIENTO • BIBLIOTECA NUEVA



Bebi Fernández EDITA

VINDICACIÓN DE LOS DERECHOS DE LA MUJER

MARY WOLLSTONECRAFT

«El clásico silenciado que nació para encender mechas.»

Bebi Fernández

montena


LA RIQUEZA DE LAS NACIONES



Adam Smith

A Ilustración. Fin do feudalismo.

- A **finais da Idade Media** vanse dar unha serie de circunstancias que van a cambiar Europa:
 - **Incremento da actividade comercial** gracias aos descubrimentos de novos territorios e novas rutas comerciais.
 - Progresos técnicos que propiciarán da **revolución agrícola** crearon un excedente de alimento. Este excedente causou un aumento demográfico, que foi clave no **rexurdimento das cidades e unha maior actividade artesanal e comercial.**




A Ilustración. Fin do feudalismo.

- Esta actividade comercial + aumento de man de obra vai facer que **algúns gremios** (como o textil, comercio de especias, etc.) **se enriquezan: xorde a burguesía.**
- A súa vez, dentro destes gremios **algunhas familias van a acumular grandes cantidades de capital**, xorden así os **primeiros grandes capitalistas** e con eles: o **capitalismo.**



Cosme de Médici



Jakob Fugger

A Ilustración. Fin do feudalismo.


- A acumulación masiva de capital por parte de certas familias / gremios vai ter diferentes consecuencias:
 - Debilitamento da nobreza: Os grandes capitalistas van a financiar os exércitos de diferentes coroas (como os Fugger ao emperador español Carlos V), puidendo así **prescindir da nobreza e debilitando o seu poder.**
 - Creación de monopolios que van **debilitar a clase media baixa tradicional e a xornaleiros e campesiños.** → Reforma protestante?



A Ilustración. Século XVIII. Nivel político

- A nivel político nos atopamos no coñecido como *Antigo Réxime* coa «excepción» de Inglaterra.

Campesiñado,
artesáns,
burguesía.
Caracen de dereitos



Nobreza e clero. Conserva certo poder e moitos privilexios


Monarca. Concentra todo o poder político e goza de moitos privilexios

A Ilustración. Século XVIII. Nivel político

Inglaterra monarquía parlamentaria?

“Outra cousa que **intenta agocharse a un pobo mediante disposicións legais** -malia tratarse de algo palmario- é a verdadeira natureza da súa constitución. De seguro, ofendería á grandeza do pobo británico afirmar que se atopan baixo una *monarquía absoluta*, pois, ben ao contrario, pretende que a súa constitución limita a vontade do monarca por medio das dúas *Cámaras do Parlamento*, en tanto que representantes do pobo, pero, como todo o mundo sabe moi ben, **a influencia do monarca sobre estes representantes é tan grande e indefectible que, en ditas Cámaras, só se acorda canto el desexa e propón a través dos seus ministros**, aínda que algunhas veces propón acordos sabendo que serán discutidos (por exemplo, a trata de negros) e incluso *fai* que se lle opoñan, para dar una proba de aparente liberdade parlamentaria. [...] **unha publicidade enganosa engatada ao pobo co espexismo dunha *monarquía limitada por leis que dimanan del*, mentres que os seus representantes, sobornados polas corruptelas, o someten subrepticamente a un *monarca absoluto***”

(Replanteamento da Cuestión sobre si o xénero humano se atopa en constante progreso cara ao mellor, Immanuel Kant)



A Ilustración. Século XVIII. Nivel político

- A **burguesía** (de maior estatus económico e -por ende- social, comezará a **esixir máis dereitos e liberdades políticas** que **defendan á cidadanía** das decisións arbitrarias e autoritarias dos monarcas.

A revolución francesa: unha revolución burguesa?



A Ilustración. Século XVII. Nivel político

- Estas ideas comenzarán en Inglaterra e se extenderán por Holanda, Alemaña e, sobre todo, Francia.



A Ilustración. Século XVIII. Nivel cultural.

- Francia se convertirá no referente cultural do século XVIII



Palacio de Sanssouci (Postdam)



Federico de Prusia e Voltaire (era realmente progresista e contrario as monarquías absolutas como bo ilustrado?)


A Ilustración. Século XVIII. Nivel cultural.

- Todo isto (rexurdimento das cidades + auxe da burguesía + novas ideas de liberdade e igualdade) van facer que a **cultura se desprace as cidades.**
- Isto vai provocar que a **burguesía ocupe un lugar clave no desenvolvemento cultural.**



A Ilustración. Século XVIII. Nivel cultural.

- A **burguesía** está **ansiosa de coñecementos** de diversa índole (científicos, políticos, etc.) e as **artes**, e contribúe a súa **producción e divulgación** mediante xornais , debates, etc.
- Esta paixón polo coñecemento cristalizará no movemento cultural coñecimo como: **Ilustración**




A Ilustración. Século XVIII. Nivel cultural.

- Vai nacer a figura do **filósofo público ou intelectual** o cal, sustentado economicamente pola burguesía vai **editar libros, compendios, dicionarios**, etc. achegando ao público o coñecemento.
- Este coñecemento, en ocasións incluía **ideas novidasas críticas coas autoridades** (políticas, eclesiásticas) o cal provocou que algunhas fosen perseguidas e -incluso- prohibidas como a *Enciclopedia* en certos momentos.



A Ilustración. Século XVIII. Nivel cultural.

- A enciclopedia, dirixda por **Diderot**, vaise por publicar por volumes durante trinta anos, poñen ao alcance do «conxunto da poboación» todo o que se sabe sobre ciencia, oficios, ideas políticas, relixións, etc.
- Esta iniciativa é froito da **crenza de que só a través da desaparición da ignorancia poderase construír un mundo máis xusto e feliz ao alcance de todos**




A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- **Substitución da idea de Deus pola de Humanidade** (teocentrismo → antropocentrismo):
 - A verdade está na razón (non na Biblia).
 - A fonte da moral é humana. Se debe actuar con vistas o benestar humano e non en función de temer a un Deus ou non ir ao ceo.
 - Os esforzos humanos deben concentrarse en progresar nesta vida non en prepararse para unha «futura»
- **Cuestionamento da tradición e a autoridade** en nome da **Razón**.

A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- A **razón** ten que ser a **única guía para o desenvolvemento material e moral da humanidade** → A Razón e non a Relixión quen debe rexer ao ser humano.
- O **progreso**: Imparable e causa de sociedades máis xustas, desenvolvidas e mellores. O avance da sociedade se identifica coa civilización. E a civilización é o único medio no que o ser humano pode ser **libre e feliz**.



Auguste Comte, pai do *positivismo*



A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- Os pobos culturalmente atrasados se conciben nun estado incivilizado ou salvaxe incapaces de permitir a realización da verdadeira condición humana, isto é, propia dun ser racional.
- Isto é problemático xa que:
 - A) Promove o *falso evolucionismo* (a crenza da existencia dunha soa cultura universal -normalmente a dominante- e outras relacionadas pero en distintas etapas evolutivas) que rexeita a diversidade cultural e é dun dos xermes do *racismo*.
 - B) Identifica -xeralmente- o progreso coa técnica, o cal non é necesariamente así. Hai culturas moi desenvolvidas a niveis culturais , espirituais, etc., pero non a nivel tecnolóxico o cal non implica que sexan culturas subdesenvolvidas nas que o ser humano non poida realizarse como ser racional.

Claude Lévi-Strauss

RAZA Y CULTURA




CÁTEDRA

colección teorema


A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- Existe unha confianza plena no poder da razón. A razón é o único válido para clarificar todos os temas da vida humana: filosofía, política, relixión, ciencia, etc....
- A razón como liberadora de prexuízos, supersticións, da escravitude, da ignorancia e das tradicións irracionais → Rexeitamento de toda cultura dependente da relixión, das autoridades, sometida, e -en xeral-non libre.




A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- Esta **fe cega no poder da razón tamén era problemática.**
- **Rousseau** sinalou que **un mundo extremadamente racional non tiña por que ser necesariamente un mundo máis feliz.**
- Estes excesos da Razón tamén foron criticados por filósofos como **Kant e Jacobi.**
- Xa na época de Kant, mentres escribía a *Crítica da Razón Pura*, se intuía a crise da *Ilustración* e algúns filósofos se preguntaban si os «progresos da razón» só estaban servindo para derrocar as autoridades (papas, reis, bispos, etc.). pero non para destruír a moral, a existencia de Deus ou a superstición relixiosa.




Friedrich Jacobi



Jean Jacques Rousseau


A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- Un dos problemas do racionalismo extremo era de que se decataron de que, mesmo **un mundo extremadamente racional, necesitaría de valores comúns para non acabar nun individualismo extremo e a anarquía** (como dixo Napoleón: “pódese vivir sen Deus, pero non sen unha relixión”).
- Isto levou a que non se derrocasen todas as crenzas morais (e mesmo as relixiosas se se demostraban que estas estaban baseadas en principios racionais) → **Deísmo**.




A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- O deísmo defendía **o paso dunha relixión sobrenatural** (baseada en mitos e dogmas irracionais) a **unha relixión natural** (Locke, Kant), ademais creía na **igualdade de todos os deuses** das distintas relixións, o que trae consigo a **necesidade de tolerancia**.



A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- Esta razón tolerante se aplica tamén á **política**, sendo a razón é a única instancia que debe **guiar ó home nos modelos de goberno** --> **aparición dos ideais democráticos e a crítica ao absolutismo político** (separación de poderes, ideais da Revolución Francesa...)
- A política non pode ser guiada ou coartada pola tradición, costumes ou intereses que case sempre leva a réximes e prácticas inxustas.



A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- A tolerancia e a autonomía da razón terán imprescindibles para facilitar o **avance científico**. A ciencia guiarase por unha **razón analítica, non dogmática**, porque toda investigación debe partir da **análise da experiencia** que será o **límite do coñecemento**.
- Para conseguir unha **razón autónoma, analítica, secularizada**, tolerante é necesario impulsar a **educación**, pero non unha educación dogmática senón crítica que elimine os prexuízos que levan á ignorancia.
- Esta crítica debe empezar por si mesma: examinando os seus límites (Crítica do dogmatismo Racionalista), e despois de todo aquilo que a coarte: relixión, tradición, costumes...



Jean Baptiste de La Salle

A Ilustración. Século XVIII. Ideais ilustrados.

- O pensamento da Ilustración culminou coa Revolución Francesa, aínda que a revolución acabou por devorar aos seus fillos.



A Ilustración. Presentación de Kant



<https://www.youtube.com/watch?v=HhyxKG1ScyA>